

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ANXIÑOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS PSICOEDUCATIVOS E DE APOIO, E ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E DESESTIGMATIZACIÓN SOCIAL DOS TRASTORNOS MENTAIS EN NENOS, NENAS E ADOLESCENTES.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, dona Ruth Gómez Vázquez, con DNI, en calidade de presidenta da Asociación Anxiños, constituída mediante acta fundacional asinada o día 15/09/2014 e obxecto de inscrición no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais mediante resolución do día 14/06/2018.

Todas as partes, na representación que ostentan recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para a subscrición do presente convenio, e para tal efecto

MANIFESTAN

I. A Asociación Anxiños (en adiante a Asociación) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidades:

1. Promover a recuperación integral e a mellora e calidade de vida dos nenos e adolescentes con trastornos mentais e proporcionar apoio aos pais e familiares.
2. Promover a sensibilización social dos nenos e adolescentes con enfermidades mentais e das súas familias.
3. Unificar e coordinar a acción con outras organizacións que perseguen os mesmos fins coa intención de crear unha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
4. Desenvolver unha constante e eficaz información para agrupar a todos os familiares dos nenos e adolescentes con enfermidades mentais, co fin de integrar nun foro común a todo o colectivo.

5. Promover a información e o intercambio de experiencias con asociacións semellantes.
6. Promover a protección dos nenos e adolescentes con enfermidades mentais.

Para cumprir estes fins, establécense os seguintes obxectivos por parte de Anxiños:

- a) Crear unha escola-fogar integradora e individualizada para nenos e adolescentes con trastornos psiquiátricos.
- b) Fomentar o desenvolvemento integral e individualizado dos nenos e adolescentes con enfermidade mental tendo en conta o ámbito persoal, académico e terapéutico.
- c) Favorecer a integración familiar, escolar e social dos nenos e adolescentes con enfermidade mental grave.
- d) Proporcionar asesoramento e orientación familiar.
- e) Promover todas aquelas actividades que poidan propiciar a cobertura dos fins da asociación.

A Asociación Anxiños cumpre os requisitos e conta coas pertinentes autorizacións administrativas para o desenvolvemento dos programas obxecto do presente convenio.

II. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de Xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia fai mención expresa aos dereitos de grupos especiais de persoas, entre os que cita as persoas menores de idade e as persoas enfermas mentais -artigo 14- en tanto que “colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia”.

III. É por isto que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas que promovan a realización de actividades divulgativas nas que se de a coñecer a importancia deste problema de saúde e a necesidade de desestigmatizar aos menores de idade que os padecen, así como o establecemento de programas psicoeducativos e de apoio aos nenos e nenas e

adolescentes con trastorno mental, para os efectos de mellorar a calidade de vida destes menores e dos seus familiares.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e maila Asociación Anxiños para o desenvolvemento de programas psicoeducativos e de apoio á infancia e adolescencia con trastornos mentais:

Segunda. Compromisos da Asociación Anxiños

- A asociación Anxiños porá en marcha programas psicoeducativos e de apoio á infancia e adolescencia con trastornos mentais que se desenvolverá na antiga casa reitoral sita en San Mamede (A Baña) que conta cos recursos estruturais e de persoal cualificado e con experiencia na intervención en menores para a realización dos programas previstos no anexo.
- Ditos programas incluírán a realización de actividades de divulgación e desensibilización acordadas ao recollido na estipulación III.
- A asociación deberá informar á consellería de Sanidade sobre os resultados dos programas realizados.
- O desenvolvemento dos programas farase de xeito acorde coa evidencia científica dispoñible.

Terceira. Compromisos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde

- Asesorar aos profesionais sanitarios no deseño dos programas que a Asociación desenvolva na casa fogar para acceder ao maior beneficio dos menores subsidiarios deles e para garantir a súa adecuación aos/ás nenos/nenas e adolescentes nel acollidas
- Informar, a través dos profesionais do Servizo Galego de Saúde, da natureza destes programas a aquelas familias que se poidan considerar subsidiarias de ser incluídas nestes.
- Favorecer o coñecemento destes trastornos e os factores de risco entre a cidadanía.
- Colaborar na celebración de actos divulgativos e en favor da desestigmatización deste tipo de trastornos .
- Colaborar na formación dos profesionais que participen da realización dos programas.

Para o desenvolvemento destes compromisos seguirase o procedemento indicado no anexo.

Cuarta. Financiamento

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algún para as partes asinantes e en consecuencia non precisa consignación orzamentaria.

No caso de que os actos de execución do convenio precisen achega económica da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, será preciso formalizar as Addendas correspondentes.

Quinta. Inexistencia de relación laboral e obrigas do profesional

A subscrición do convenio non suporá a existencia de relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación Anxiños a Consellería de Sanidade

En ningún caso será responsabilidade da Administración, posibles danos ou perdas a consecuencia do desenvolvemento dos programas realizados ao abeiro deste convenio.

O persoal da Asociación Anxiños implicado no desenvolvemento dos programas está obrigado ao segredo profesional, á confidencialidade de acordo ao seu código deontolóxico e ao uso da información segundo a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal que se indica deseguido.

Sexta. Protección de datos de carácter persoal

O réxime de protección de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto en aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.

As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

Sétima. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto do convenio e que resolva as controversias xurdidas como

consecuencia da súa execución.

A comisión estará formada por dúas persoas en representación da Asociación Anxiños e tres en representación da Consellería de Sanidade que ostentará a presidencia.

Reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

A comisión de seguimento terá entre as súas facultades a emisión de informes e ditames relativos aos programas a desenvolver pola Asociación Anxiños ao abeiro deste convenio.

Oitava. Resolución do convenio

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.
2. O acordo unánime de todos os asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
4. As modificacións relevantes na execución do programa acordado sen o visto bo da comisión de seguimento. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.
5. A falta ou perda das autorizacións sectoriais que a Asociación precise para o desenvolvemento da súa actividade.
6. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
7. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei.

Novena. Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia dun ano contado dende o día seguinte da súa sinatura.

Con todo, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito cunha anterioridade de polo menos trinta días á data de vencemento do convenio.

Décimo primeira. Natureza do convenio e xurisdición

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexeráse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo segunda. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira: Publicidade

A publicitación da colaboración da Consellería de Sanidade limitarase as actividades ou programas obxecto deste convenio.

Dita publicidade farase consonte a normativa de aplicación, nos medios web e aqueles outros nos que se informe acerca destas actividades, previa posta en coñecemento da comisión de seguimento do convenio.

Deberase incluír dita colaboración en aquelas publicacións ou comunicacións científicas nas que se reflectan resultados dos programas obxecto deste convenio, informándose á Consellería de Sanidade das mesmas.

En proba de conformidade, asinase o presente convenio en duplicado exemplar no lugar e data indicados anteriormente.

Pola Consellería de Sanidade e
o Servizo Galego de Saúde

Pola Asociación Anxiños

Jesús Vázquez Almuíña

Ruth Gómez Vázquez

ANEXO

Procedemento para a acreditación dos programas e actividades a realizar ao abeiro do convenio de colaboración entre a asociación Anxiños e a Consellería de Sanidade.

O obxectivo das actividades a desenvolver irá encamiñado a actuacións dirixidas a promover o benestar dos nenos e nenas e adolescentes na súa contorna familiar e social. Trátase de apoiar a estes e as súas familias para a consecución dun adecuado nivel de funcionamento e autonomía, potenciando os seus propios recursos e o desempeño eficaz de roles.

A asociación Anxiños someterá a consideración técnica da Comisión de seguimento descrita na cláusula sétima todas aquelas actividades ou programas de carácter divulgativo ou psicoeducativo que se realicen ao abeiro do presente convenio.

Previo o inicio do programa ou actividade, será preciso que a Asociación Anxiños presente unha memoria descritiva do programa ou actividade a realizar, asinado polo director ou coordinador do programa, documento que será obxecto de estudo e aprobación, se fose o caso, pola comisión de seguimento do convenio. Dita memoria deberá contar cos seguintes apartados: pertinencia e necesidade, beneficiarios, procedemento de inclusión, recursos humanos e materias destinados ao seu desenvolvemento, descrición das actividades a realizar, calendarización das mesmas e indicadores da súa avaliación. Tamén se acompañará de un presuposto dos custes de desenvolvemento do programa no que consten, se fora o caso, as achegas económicas dos usuarios.

A comisión de valoración emitirá ditame que terá carácter vinculante para o desenvolvemento do programa.

Con carácter xeral os programas ou actividades terán como beneficiarios directos ou indirectos os nenos e nenas e adolescentes cun trastorno mental, e as súas familias e contorna. No caso dos programas psicoeducativos, de ocio ou psicopedagóxicos, dirixiranse a nenos e nenas de entre 8 e 15 anos, diferenciándose dous grupos de intervención: de 8 a 11 anos, e de 12 a 15 anos inclusive. O horario de desenvolvemento destas actividades adaptárase as necesidades das persoas as que vai dirixido, e será compatible coa escolarización.

Poderán ser beneficiarios aqueles nenos e nenas e adolescentes con trastorno mental que presenten situacións de desestructuración familiar ou desbordamento que fagan aconsellable para a mellor evolución ou prognóstico do seu padecemento a inclusión nun

programa das características descritas. Isto acreditarase mediante a achega dun informe da unidade de saúde mental de referencia da persoa, no que constará o seu grado de estabilidade, así como aqueles aspectos de funcionamento psicosocial do/da menor que se consideren beneficiarios da intervención. Considerarase criterio de exclusión o padecemento dunha discapacidade intelectual, trastorno por consumo de sustancias, ou trastornos que cursen con déficits sensitivos ou de desenvolvemento da linguaxe que limiten gravemente a comunicación verbal. Quedarán tamén excluídos aqueles menores que polas súas características sexan subsidiarios de inclusión nun centro ou programa dependente da Consellería competente en materia de Servizos sociais.

A solicitude formularase ante a asociación Anxiños, que proverá a canle de comunicación baixo o cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal de aplicación, sendo o responsable do programa quen realizará unha entrevista para determinar a pertinencia ou non da inclusión da persoa nalgún dos programas ofertados.

Previo a realización de dita entrevista, a familia ou titor legal deberá aportar á Asociación Anxiños a seguinte documentación:

- 1.- Copia compulsada ou autenticada do DNI do neno ou nena ou adolescente.
- 2.- Copia compulsada ou autenticada do libro de familia do neno ou nena ou adolescente.
- 3.- Autorización debidamente asinada polos pais ou titores legais, para a realización da entrevista de avaliación e inclusión no programa, de ser o caso.
- 4.- Informe médico onde figure o diagnóstico, áreas disfuncionais e o tratamento de menor, que inclúa aqueles aspectos do funcionamento psicosocial do/da menor que pida ser obxecto de intervención.
- 5.-Aquela que se considere de interese para un mellor coidado do neno.

Se informará as familias no caso de que a inclusión do menor no programa dea lugar a achega económica previa inclusión no mesmo. No desenvolvemento da súa actividade, a Asociación contará con protocolos de actuación no caso de fuga descompensación psicopatolóxica ou conduta suicida, que estableceran en todo caso a comunicación inmediata cos pais e titores legais, a coordinación cos servizos sanitarios para a valoración a través dos servizos de psiquiatría, e as actuacións a levar a cabo por parte do persoal de atención directa para minimizar os riscos sobre a saúde e comunicación as autoridades pertinentes .

Previo a súa contratación todos os traballadores presentarán o certificado acreditativo de estar exento de antecedentes penais en relación con delitos dirixidos contra o menor.

Todas as actividades, talleres e programas estarán realizados por profesionais co axeitada cualificación académica e experiencia profesional en materia de saúde mental en menores de idade. A administración sanitaria poderá proporcionar formación aos profesionais sanitarios da asociación co fin de mellorar a súa capacitación específica

neste eido.

Para o desenvolvemento dos programas obxecto deste convenio contarase coas seguintes categorías profesionais:

- Unha persoa directora, responsable do programa, que contará cunha capacitación profesional de licenciado ou grado universitario en psicoloxía ou medicina, con especialización en psicoloxía clínica ou psiquiatría.
- Unha persoa licenciada ou graduada en pedagogía ou en mestre de atención primaria.
- Traballador/a social
- Educador/a social
- Monitores de actividade
- Persoal de apoio.

En función dos programas a desenvolver poderán incluírse outros profesionais para definir programas multidisciplinares que poidan abordar as necesidades do neno de xeito integral.

Os programas a desenvolver estarán orientados á psicoeducación, ao fomento da autonomía, á mellora das habilidades sociais e relacionais, e ao afrontamento de dificultades no eido familiar e escolar, e desenvolveranse de xeito acorde a evidencia científica dispoñible. O persoal será especialmente sensible ás especificidades do colectivo obxecto da intervención. Considerarase tamén de especial interese os programas orientados ao uso responsable das TICs, ao fomento da vida saudable, do deporte, as actividades musicais e artes plásticas, e aquelas outras que fomenten o contacto co entorno animal e a natureza.

A Asociación velará para que no desenvolvemento da actividade as instalacións contén coas medidas de seguridade pertinentes para velar pola seguridade do persoal e beneficiarios no desenvolvemento da actividade, e coas adaptacións necesarias para o seu uso por persoas con discapacidade consonte a normativa de aplicación.